

Compostela, 9-IX-59

A. D. Luis Seoane
B. Aires.

Meu querido amigo :

Recibir, hai tempo, a tua carta. Como estiven unhas semanas en Asturias, fíronse amolecando as cartas seica o recente regreso. Non quero demorar máis en agradecerche o xeneroso ofrecemento que me fas pra editar un libro meu en Citania. Certamente, a oferta considérovame moi honrosa e como tal a agradezo. O verdadeiramente difícil será que o poeta escribir. Fízo a vida tan absolutamente comprometida en ocupacións e responsabilidades de carácter impersoal e anónimo que non me queda tempo nin folgo pra facer obra "miña". Fan certo é isto, que hai varios anos que teño prometido a Galaxia un libro de ensaios e inda nono puíden escribir, a pesar das continuas presións amistosas; e a editorial Guimarães, de Lisboa, solicitoume reiteradamente outro libro, coa estimulante oferta de incluílo nunha colección filosófica na que figuran nomes rimbombantes de toda Europa. Fan pouco vexo posibilidade de os poder complacer. Fan esmagado estou nese orde de cousas que unicamente pola presión dun compromiso percentual escribo - e sempre aprasa - os poucos e cativos traballos que co meu nome van saíndo de vez en cando. Hai meses que debiera ter enviado unha colaboración pra o "Homenaxe a Joaquim de Carvalho", en curso de publicación, e inda nono fixen nin teño pensado sobre que facelo. Naturalmente, ben me decato de que non se perde gran cousa. Con todo, dende o punto de vista puramente subxectivo, non deixa de ser unha renuncia. Polo menos eu obrézoa como tal en favor de deberes que considero superiores. Da obra, boa ou mala, que eu puísera facer sacrifico unha gran parte con moito gusto pra poder atender a outras obrigas de orde xeneral. Por eso me sinto pouco animado a adequirir compromisos concretos. Fízo medo de nono poder cumprir, cousa que me non gusta.

Conta que terás recibido o número de INSULA e mailo album de Maride, pois ambas cousas che foron enviadas namáis saíren da imprenta.

Repito que che agradezo moito a tua cordial oferta. Dígocho de corazón.

Unha aperte moi forte do teu amigo

Raimon Piñeiro

Acaban de me chamar de Vigo pra me anunciar que pasado máis cedo chegará D. Raimon.